

# Co-avaliación de circuítos

O sistema de puntuación virá marcado pola cor dos gomets que cada grupo pegará nesta ficha de coavaliación. Seguirase a referencia do semáforo, de xeito que un gomet **verde** indica boa puntuación, **amarela** regular e **vermella** mala.

AVALIACIÓN DO CIRCUITO DO GRUPO:		
EQUIPO QUE AVALÍA:		
CRITERIO	DESCRIPCIÓN	PUNTUACIÓN
<b>Dificultade técnica</b>	Valorar se é un circuítu cun grado de dificultade baixo, intermedio ou complexo.	
<b>Creatividade</b>	Valorar a orixinalidade e a innovación na combinación de movementos de parkour con movementos de salto de corda.	
<b>Seguridade</b>	Valorar as medidas de seguridade: estabilidade dos obstáculos, ausencia de superficies esvaradías...	
<b>Fluidez e continuidade</b>	Valorar se os diferentes elementos do circuítu se integran entre si para que haxa unha experiencia fluída e continua para quen o está a realizar. Comprobar que non haxa varias zonas que provoquen unha parada brusca na acción motriz.	
<b>Variedade de obstáculos</b>	Valorar a diversidade e variedade dos obstáculos e elementos presentes no circuítu.	
<b>Diversión</b>	Valorar o grao de entusiasmo que provocou en nós este circuítu.	
<b>Accesibilidade</b>	Valorar a accesibilidade do circuítu para alumnos/as de diferentes niveis de habilidade, asegurando que haxa opcións para principiantes, intermedios e avanzados, así como para persoas que puidesen ter algunha discapacidade.	
<b>PUNTUACIÓN final(de 0 a 10)</b>  Cada alumno/a emitirá unha puntuación, sumaranse todas e dividirase o resultado total entre número de votantes.		



"Co-avaliación de circuítos", do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)